

Área de coñecemento	Materia	Caráct.	Tipo	Horas clase/semana	Horas clase curso	Crédit. ECTS
Materiais e tecnolox. aplicadas ao deseño de produtos	Tecnoloxía dixital do deseño gráfico aplicada aos materiais	O.E.	T.P.	3	72	4
	Materiais celulósicos e polímeros	O.E.	T.	2	72	4
Xestión do deseño de produto	Mercadotecnia	O.E.	T.	2	72	4
Libre conf. E.A.S.D. + optativas	---	L.C.	---	4	144	4
	Totais:			24	864	60

3º Curso

Área de coñecemento	Materia	Caráct.	Tipo	Horas clase/semana	Horas clase curso	Crédit. ECTS
Xestión do deseño	Oficina técnica: organización industrial e calidad	F.B.	T.	2	72	4
Materiais e tecnoloxías aplicadas ao deseño de producto	Metais e aleacións. Materiais heteroxéneos	O.E.	T.	2	72	4
Prox. de envases e embalaxes	Envases e embalaxes I	O.E.	T.	2	72	8
Xestión do deseño de produto	Xestión: economía e organización de empresa	O.E.	T.	2	72	4
Historia do deseño de producto	Cultura do deseño	O.E.	T.	3	72	6
Proxectos de produtos e sistemas	Proxectos de deseño de produtos III	O.E.	T.P.	4	144	16
Libre conf. E.A.S.D. + optativas	---	L.C.	---	5	180	18
	Totais:			20	684	60

4º Curso

Área de coñecemento	Materia	Caráct.	Tipo	Horas clase/semana	Horas clase curso	Crédit. ECTS
Xestión do deseño de producto	Prácticas externas	O.E.	P.	---	---	12
Libre conf. E.A.S.D. + optativas	---	L.C.	---	8	360	30
Proxectos de deseño de producto	Traballo de fin de grao	O.E.	T.P.	2	72	18
	Totais:			10	432	60

Orde do 30 de setembro de 2010 pola que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de grao en música na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula o acceso ao dito grao.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece os principios xerais que deben rexer o sistema educativo, e no seu artigo 54, os aspectos básicos das ensinanzas superiores de música.

O desenvolvemento normativo destas ensinanzas iniciouse coa publicación do Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores reguladas pola citada lei orgánica, e continúa coa publicación do Real decreto 631/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en música, establecidas na Lei 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Deste xeito, o artigo 7 do citado Real decreto 631/2010, do 14 de maio, dispón que as administracións educativas, vista a proposta dos centros, establecerán o plan de estudos, completando ata o total de 240 créditos os mínimos fixados nese real decreto, de conformidade cos criterios que nel se determinan.

Procede, en consecuencia, que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, vista a proposta dos centros superiores, estableza o plan de estudos destas ensinanzas para o seu ámbito competencial.

As finalidades, pois, desta norma son a de definir o plan de estudos con identidade propia e con capacidade de adaptación ás particularidades dos centros que os imparten, con criterios de rigor, calidad e excelencia. Asemade, preténdese potenciar a diversidade de procesos formativos para garantir un alto nivel de cualificación aos graduados e graduadas, e posibilitar que os currículos se poidan adaptar ás expectativas e intereses formativos do alumno, así como á demanda social e do tecido cultural e empresarial.

Asemade, esta orde establece as disposicións referentes á proba de acceso a estas ensinanzas, reguladas con carácter básico no citado Real decreto 631/2010, do 14 de maio.

En consecuencia co exposto, e en virtude das atribucións conferidas pola normativa anteriormente citada, de acordo co ditame do Consello Escolar de Galicia, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,

DISPÓN:**CAPÍTULO I**
DISPOSICIÓN XERAIS**Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.**

1. Ao abeiro do disposto no artigo 7 do Real decreto 631/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores

de grao en música, establecidas na Lei 2/2006, do 3 de maio, de educación, esta orde dispón, vista a proposta dos centros superiores de ensinanzas de música, o plan de estudos para estas ensinanzas.

2. Esta orde regula, igualmente, os procedementos para o acceso a estas ensinanzas.

3. Esta orde será de aplicación no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.-Finalidade das ensinanzas de grao en música.

As ensinanzas artísticas conducentes á obtención do título de graduado ou graduada en música deberán proporcionar unha formación práctica, teórica e metodolóxica, a través do desenvolvemento das materias que conforman a especialidade elixida, co fin de garantir a cualificación dos futuros profesionais da música nos ámbitos relativos á interpretación, creación e investigación.

CAPÍTULO II ESTRUCTURA DAS ENSINANZAS

Artigo 3º.-Estrutura básica do título.

1. A duración das ensinanzas de grao en música en cada unha das súas especialidades comprenderá catro cursos académicos, de 60 créditos ECTS cada un, cun total de 240 créditos ECTS, de acordo co sistema europeo de transferencia de créditos.

2. Para os efectos do establecido no número anterior sobre os créditos europeos, terase en conta o previsto no artigo 4 do Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no artigo 6 do Real decreto 631/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en música, establecidas na Lei 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Artigo 4º.-Crédito europeo.

1. De acordo co establecido no artigo 4 do Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas artísticas superiores reguladas pola Lei 2/2006, do 3 de maio, de educación, o haber académico que representa o cumprimento dos obxectivos previstos nos plans de estudos conducentes á obtención de títulos oficiais de ensinanzas superiores de música medirase en créditos europeos ECTS.

2. Nesta unidade de medida intégranse os ensinos teóricos e prácticos, así como outras actividades académicas dirixidas, con inclusión das horas de estudo e de traballo así como mostras públicas e probas que o estudiante debe realizar para acadar os obxectivos formativos propios de cada unha das materias do plan de estudos.

3. O número de créditos será distribuído entre a totalidade das materias integradas no plan de estudos que deba cursar o estudiante.

4. A asignación de créditos e a estimación do seu correspondente número de horas entenderase referida a un estudiante dedicado a cursar a tempo completo os estudos correspondentes ás ensinanzas artísticas superiores durante 38 semanas por curso académico.

5. O número de horas por crédito ECTS será de 30 en desenvolvemento do establecido polo Real decreto 1614/2009, do 26 de outubro, no seu artigo 4.4º.

6. A estrutura de créditos referirase a un curso completo en módulos cuadri mestrais de igual duración.

CAPÍTULO III O PLAN DE ESTUDOS

Artigo 5º.-Especialidades.

As especialidades que configuran o grao superior das ensinanzas de música na Comunidade Autónoma de Galicia son as seguintes:

- Composición.
- Interpretación.
- Musicoloxía.
- Pedagogía.

Artigo 6º.-Competencias e perfís profesionais.

De conformidade co establecido no artigo 6.2º do Real decreto 631/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en música, establecidas na Lei 2/2006, do 3 de maio, de educación; as competencias transversais; as competencias xerais; e as competencias específicas e os perfís profesionais definidos para cada unha das especialidades son as que se determinan no anexo I do citado real decreto.

Artigo 7º.-Estrutura.

1. A distribución dos 240 créditos ECTS totais e das materias que os completan será a seguinte:

a) As materias de formación básica do título de grao en música son as que figuran no anexo I desta orde e terán os créditos ECTS que nela se establecen.

b) As materias obligatorias comúns, as obligatorias específicas e itinerario do título de grao en música serán as que figuran no anexo I desta orde e terán os créditos ECTS que nel se establecen.

c) As materias de libre elección propostas polos centros do título de grao en música son aquellas que completan a formación específica do alumno ou da alumna, sendo obrigadas para este. As materias optativas son as ofertadas polos centros en número

mínimo de tres, sendo opcionais para o alumnado, quen deberá cursar polo menos dúas delas. En calquera caso, a definición, contidos, horas lectivas e créditos ECTS correspondentes tanto das materias de libre elección como das optativas serán propostas polos centros e autorizadas, se é o caso, pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, atendendo á xustificación e peculiaridades amosadas e a criterios de disponibilidade de recursos.

d) No caso de que se programen prácticas externas, estas suporán unha carga máxima de 60 créditos ECTS, e o seu desenvolvemento será obxecto de regulación específica.

e) O traballo de fin de grao terá os créditos ECTS que figuran no cadro de cada especialidade que figura no anexo I desta orde.

f) O alumnado poderá obter o recoñecemento de ata un máximo de 6 créditos ECTS pola participación, debidamente acreditada, en actividades culturais, artísticas, deportivas, de representación estudiantil, solidarias e de cooperación.

CAPÍTULO IV

MATRÍCULA, AVALIACIÓN E PROMOCIÓN

Artigo 8º.-Matrícula.

1. O alumnado só poderá realizar a matrícula no grao en música para realizar estudos oficiais con carácter presencial.

2. A matrícula para o primeiro ano académico será do curso completo.

3. Para o segundo, terceiro e o cuarto cursos, os alumnos e alumnas poderán formalizar a matrícula por materias, pero deberán matricularse obligatoriamente nas materias de formación básica que suporán, cando menos, un total de 30 créditos ECTS, sen prexuízo do cumprimento dos criterios de promoción que oportunamente se establezan.

4. O alumnado non poderá matricularse dunha materia progresiva dun curso no caso de ter pendentes materias coa mesma denominación ou de carácter progresivo de cursos anteriores.

Artigo 9º.-Renuncia de matrícula.

O alumnado poderá solicitar a renuncia de matrícula perante a dirección e presentala no rexistro da Secretaría do centro. O prazo para a renuncia será o do último día hábil do mes de setembro. A renuncia de matrícula suporá a perda da condición de alumno oficial e non implicará a devolución de taxas.

Artigo 10º.-Validación de materias.

1. O prazo de solicitude de validacións de materias será de quince días hábiles contados a partir do primeiro día de clase, segundo o establecido no calendario escolar fixado pola consellería competente en

materia de educación. Para a solicitude de validacións o alumnado deberá cubrir un impreso oficial establecido nas normas de funcionamento do centro e achegar a documentación que corresponda.

2. As validacións de materias só se poden dar entre estudios do mesmo nivel (superior e/ou universitario).

3. Para as validacións de estudios cursados terase en conta o disposto no artigo 10 do Real decreto 631/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en música, establecidas na Lei 2/2006, do 3 de maio, de educación, ademais das seguintes especificacións:

a) O alumnado que iniciou os seus estudos superiores noutra comunidade autónoma e se traslade á Comunidade Autónoma de Galicia deberá cursar as materias correspondentes aos cursos xa superados por eles que non se adapten ao currículo desta comunidade autónoma. Non obstante, o alumnado poderá solicitar a validación de materias que teñan superadas no centro de orixe por aquelas do currículo desta comunidade autónoma que teñan relación directa no seu deseño curricular.

b) Para validar as materias cursadas noutras comunidades autónomas, o alumno achegará as programacións das materias superadas para que o centro poña establecer cales das materias que figuran no currículo de Galicia lle poden ser validadas. Será competencia da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, logo de informe da dirección do centro, establecer as correspondentes validacións. Para a elaboración do devandito informe, a dirección solicitará, de ser o caso, asesoramento dos diferentes departamentos relacionados coas materias de que se trate.

c) As ditas validacións deberán ser rexistradas no expediente do alumno. Neste suposto, xuntarase ao dito expediente toda a documentación relativa á devandita validación.

d) As materias cursadas no centro de orixe que non sexan validables por ningunha das materias que figuran no currículo da Comunidade Autónoma de Galicia poderán ser obxecto de recoñecemento como créditos de materias de libre elección ou optativas, debéndose, para este suposto, aplicar o mesmo procedemento de adaptación das materias antes citado.

Artigo 11º.-Convocatorias ordinarias e extraordinarias.

1. En cada curso escolar establecense dúas convocatorias para a valoración e avaliación do rendemento do alumnado nas materias anuais, unha ordinaria e outra extraordinaria.

2. No caso de materias cuadrimestrais, as convocatorias para o primeiro cuadrimestre realizarase nos dez días seguintes ao remate das actividades lecti-

vas presenciais correspondentes ao primeiro cuadrimestre e, igualmente, no caso das materias do segundo cuadrimestre.

3. As convocatorias a que se refire este artigo computaranse de forma sucesiva, entendéndose esgotadas no caso de que o alumno ou a alumna non se presente ás probas, estando matriculado. O alumnado poderá solicitar anulación motivada de convocatoria, que será resolta pola dirección do centro.

4. Cando se produza un traslado de expediente entre centros, o alumnado só disporá das convocatorias non consumidas no centro de procedencia.

Artigo 12º.-Anulación de convocatoria.

1. O alumnado poderá solicitar a anulación de convocatoria mediante solicitude dirixida á dirección do centro, que poderá presentar ata o último día hábil do mes de xaneiro para a convocatoria ordinaria do primeiro cuadrimestre, e ata o último día hábil do mes de maio para a convocatoria ordinaria do segundo cuadrimestre.

2. Para a convocatoria extraordinaria, a anulación de convocatoria poderá realizarse ata unha semana antes da data de realización da proba.

3. Corresponde ao director/a do centro conceder a anulación de convocatoria, logo de informe da xefatura de estudos, que, en todo caso, deberá ter unha causa suficiente que a xustifique, non sendo admisible como causa de anulación a falta de rendemento académico.

Artigo 13º.-Avaliación e sistema de cualificacións.

1. A avaliación do proceso de aprendizaxe basearase no grao e nivel de adquisición e consolidación das competencias establecidas de acordo co perfil profesional definido para cada unha das especialidades recollidas nesta orde.

2. A avaliación será continuada, diferenciada por materias e terá un carácter integrador en relación cos obxectivos definidos no plan de estudos. A avaliación do traballo de fin de grao será única e requirirá ter aprobadas a totalidade das materias que integran o plan de estudos.

3. Os criterios de avaliación especificaranse nas programacións didácticas e serán obxectivables e mensurables de acordo cos parámetros que se definan para tal fin.

4. A obtención dos créditos correspondentes a unha materia requirirá superar as correspondentes probas de avaliación ou exames.

5. A media do expediente académico de cada alumno será o resultado da aplicación da seguinte fórmula: suma dos créditos obtidos polo alumno multiplicado cada un deles polo valor das cualificacións que correspondan á materia, e dividida a cifra resultante

polo número de créditos totais superados polo alumno.

6. O nivel de aprendizaxe conseguido polos estudiantes expresarase con cualificacións numéricas. Os resultados obtidos polo alumno en cada unha das materias do plan de estudos cualificaranse en escala numérica de 0 a 10, con expresión dun decimal, podendo engadirse a súa correspondente cualificación cualitativa:

- 0-4.9: suspenso (SS).
- 5.0-6.9: aprobado (AP).
- 7.0-8.9: notable (NT).
- 9.0-10: sobresaliente (SB).

7. A mención de matrícula de honra poderá ser outorgada a alumnos ou alumnas que obteñan unha cualificación igual ou superior a 9.0. O seu número non poderá exceder unha por cada 20 alumnos/as matriculados nunha materia no correspondente curso académico, non sendo que o número de alumnos matriculados sexa inferior a 20, caso en que se podrá conceder unha soa matrícula de honra.

8. A obtención do título de graduado ou graduada en música requirirá a superación da totalidade das materias, as prácticas e o traballo fin de grao que constitúen o plan de estudos.

Artigo 14º.-Reclamacións en contra das cualificacións.

Os alumnos e as alumnas desconformes coas cualificacións outorgadas poderán presentar a correspondente reclamación perante a dirección do centro, segundo o modelo que se estableza nas normas de funcionamento, a través da secretaría, nun prazo de dous días hábiles contados a partir do día de comunicación pública das cualificacións. A dirección remitirá a reclamación á xefatura do departamento, que no prazo de dous días hábiles logo de recibila emitirá un informe razoado ratificando ou rectificando a cualificación. Este informe será remitido á dirección, que resolverá no prazo de dous días hábiles logo da recepción, de acordo co proposto no dito informe, e comunicarao ao alumno ou alumna e á xefatura de estudos para o seu coñecemento e para os efectos de rectificación, se procede, da correspondente acta de cualificación.

Artigo 15º.-Promoción e permanencia.

1. Os alumnos disporán dun máximo de catro convocatorias para superaren cada materia e dun máximo de dous convocatorias para superaren o traballo de fin de grao.

2. Os/as alumnos/as que teñan esgotadas as convocatorias establecidas poderán solicitar perante a dirección do centro, no prazo de quince días contados a partir da comunicación da cualificación que dá lugar ao esgotamento da convocatoria, unha convo-

catoria adicional para cada materia por circunstancias especiais que deberán xustificar, sen que se poida considerar como xustificación a falta de rendemento académico ou a non asistencia a clase. As solicitudes que se presenten serán sometidas a informe da xefatura do departamento correspondente, facendo constar cantas circunstancias se considerasen relevantes e cantos informes complementarios se coiden oportunos. Unha vez elaborado o informe, que será preceptivo e vinculante, trasladárase á dirección, que resolverá nun prazo máximo de quince días, contados desde a data de presentación da solicitude do alumno.

3. A concesión dunha convocatoria extraordinaria adicional só ten validez para a presentación e a realización do exame, e non implica o dereito de asistencia a clase.

4. A permanencia do alumno no centro non poderá exceder seis cursos académicos por especialidade.

CAPÍTULO V ACESO ÁS ENSINANZAS DE GRAO EN MÚSICA

Artigo 16º.-Requisitos xerais de acceso ás ensinanzas de grao en música.

1. Con carácter xeral, para o acceso aos estudos oficiais de grao en música requirirase estar en posesión do título de bacharelato ou título declarado equivalente, ou ter superado a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos, e superar a proba específica de acceso a que se refire o artigo 54 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que terá como finalidade valorar a madureza, os coñecementos e as aptitudes para cursar con aproveitamento estas ensinanzas.

2. A superación da proba específica a que fai referencia o punto anterior faculta para matricularse únicamente no curso académico para cuxo acceso fose convocada, en calquera dos centros do Estado onde se cursen as ditas ensinanzas, sen prexuízo da dispoñibilidade de prazas no centro.

Artigo 17º.-Acceso ás ensinanzas artísticas superiores para maiores de dezanove anos.

1. Os aspirantes que non estean en posesión do título de bacharelato ou equivalente e teñan dezanove anos cumpridos no ano de realización das probas, deberán superar a proba establecida no artigo 69.5º da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, debendo acreditar o aspirante os seus coñecementos e a madureza en relación cos obxectivos propios do bacharelato.

2. A proba a que fai referencia o punto anterior levarase a cabo, en cada convocatoria, coa anticipación suficiente a respecto da data de realización da proba específica, para que os aspirantes que superen a primeira poidan realizar a segunda.

Artigo 18º.-Convocatoria das probas de acceso.

De acordo co disposto no artigo 5 do Real decreto 631/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en música, establecidas na Lei 2/2006, do 3 de maio, de educación, as probas de acceso convocaranse conforme o procedemento que segue:

1. Será competencia da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa a convocatoria, organización, desenvolvemento e avaliación das probas de acceso ás ensinanzas de grao en música na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. As probas de acceso ás ensinanzas de grao en música realizaranse, cando menos, unha vez ao ano.

3. Para o efecto de garantir a eficacia dos principios de igualdade, mérito e capacidade que deben rexer o proceso de selección no acceso ás ensinanzas de grao en música, as probas terán carácter centralizado e serán supervisadas por unha comisión nomeada para o efecto pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. As normas de funcionamento desta comisión serán obxecto de regulación específica por parte da dita dirección xeral.

4. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa establecerá sistemas de información e procedementos de acollida para o alumnado de novo ingreso, que implicarán a todos os centros. Estes sistemas e procedementos deberán incluír, no caso de aspirantes ao ingreso con necesidades específicas derivadas de discapacidade, os servizos de apoio e asesoramento axeitado que valorarán a posibilidade de adaptacións curriculares.

CAPÍTULO VI DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS DE ACCESO

Artigo 19º.-Admisión nas probas de acceso.

1. No prazo máximo de cinco días hábiles despois de finalizado o prazo de inscrición, a comisión de probas de acceso fará públicas do xeito que se determine na convocatoria as listaxes de aspirantes admitidos, que serán únicas para cada especialidade convocada.

2. Os/as interesados/as terán un prazo de dous días hábiles para presentaren as reclamacións, cubrindo e entregando na secretaría do centro en que se inscribisen o impresu oficial dispoñible nela.

3. Recibidas as reclamacións, a comisión de probas de acceso resolverá o que proceda e dará a coñecer as listaxes definitivas de admitidos e o calendario de realización das probas, cunha anticipación mínima de cinco días hábiles ao seu inicio.

Artigo 20º.-Proba de acceso ás ensinanzas artísticas superiores para maiores de dezanove anos.

1. A proba de acceso ás ensinanzas artísticas superiores para maiores de dezanove anos que deberán superar os aspirantes que non estean en posesión da titulación requerida será única para todas as especialidades dos estudos de grao en música, e será válida para a realización da proba específica de acceso a todas as ensinanzas artísticas superiores na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A citada proba versará sobre as materias comúns do bacharelato.

3. A superación da devandita proba será condición indispensable para concorrer á proba específica de acceso aos estudos de grao en música.

Artigo 21º.-Proba de acceso específica.

1. A proba de acceso específica aos estudos de grao en música será única para todos os aspirantes a cursaren os ditos estudos na Comunidade Autónoma de Galicia, e diferenciada segundo a especialidade destes.

2. A proba específica de acceso aos estudos de grao en música versará sobre os coñecementos, aptitudes e habilidades para cursar con aproveitamento estes estudos.

Artigo 22º.-Avaliación da proba de acceso ás ensinanzas artísticas superiores para maiores de dezanove anos.

O resultado da avaliación da proba de acceso ás ensinanzas artísticas superiores para maiores de dezanove anos expresarase en termos de apto ou non apto.

Artigo 23º.-Avaliación da proba de acceso específica.

1. A proba de acceso específica suporá o 60% do total da cualificación da proba de acceso aos estudos de grao en música. O 40% restante corresponderá á media do expediente académico do título profesional de música do/a aspirante.

2. A proba de acceso específica cualificarase entre cero e dez puntos, sendo necesario para a súa superación ter obtido unha cualificación igual ou superior a cinco puntos en cada unha das súas partes.

Artigo 24º.-Comisións avaliadoras das probas de acceso aos estudos de grao en música.

1. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa nomeará unha comisión avaliadora para a organización, realización e avaliación da proba de acceso ás ensinanzas artísticas superiores para maiores de dezanove anos aos estudos de grao en música, integrada por profesorado de ensino secundario especialista nas materias comúns do bacharelato, e de entre os integrantes da

dita comisión avaliadora, en número impar en calquera caso, o presidente e secretario desta.

2. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa nomeará unha comisión avaliadora encargada da organización, realización e avaliación das probas específicas de acceso aos estudos de grao en música, integrada, polo menos, por cinco membros, en número impar en calquera caso, dos corpos de catedráticos de música e artes escénicas ou profesores de música e artes escénicas con destino nos conservatorios superiores de música de Galicia, e de entre os membros da dita comisión avaliadora, en número impar en calquera caso, o presidente e secretario desta.

Disposicións adicionais

Primeira.-Correspondencia na denominación das materias.

Para os efectos do establecido na presente orde, os termos materia e asignatura a que fai referencia o Real decreto 631/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en música, establecidas na Lei 2/2006, do 3 de maio, de educación, correspóndense, respectivamente, cos termos área de coñecemento e materia.

Segunda.-Sistema de xestión calidade.

1. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, no ámbito das súas competencias, establecerá cantas normas considere oportunas para o desenvolvemento dos sistemas de garantía interna da calidade dos centros de ensinanzas artísticas superiores.

2. Os centros superiores de ensinanzas de música deberán establecer protocolos e liñas de actuación segundo os parámetros establecidos pola Asociación Europea para a Garantía da Calidade da Educación Superior e polas institucións nacionais e autonómicas que determine a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

3. Cada centro superior de música establecerá un sistema de garantía interna da calidade coa finalidade de potenciar a mellora das súas actividades docentes, investigadoras e de xestión.

4. O sistema de garantía interna de calidade seguirá as normativas establecidas polas administracións educativas en relación cos procesos de xestión, verificación, acreditación e auditorías de calidade.

Terceira.-Implantación das ensinanzas de grao en música.

Segundo o disposto no Real decreto 631/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en música, establecidas na Lei 2/2006, do 3 de maio, de educación, na súa disposición adicional cuarta, no ano académico 2010-2011 iniciarase a implantación

progresiva dos estudos de grao en música na Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposicións transitorias

Primeira.-De acordo co previsto na disposición adicional cuarta do Real decreto 631/2010, do 14 de maio, polo que se regula o contido básico das ensinanzas artísticas superiores de grao en música, establecidas na Lei 2/2006, do 3 de maio, de educación, a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa establecerá o sistema de recoñecemento de créditos ao alumnado procedente de plans de estudos anteriores á entrada en vigor desta orde.

Segunda.-Para a realización das probas de acceso ao curso 2010-2011 non será de aplicación o establecido nesta orde. A Dirección Xeral de Educación,

Formación Profesional e Innovación Educativa comunicará aos centros as especialidades e o número de vacantes que en cada caso se determinen.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para ditar cantas normas se consideren oportunas para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación
e Ordenación Universitaria

ANEXO I

Cadros curriculares de especialidades e itinerarios

Especialidade: interpretación

Itinerarios: clarinete, contrabaixo, fagot, flauta travesa, óboe, saxofón, trombón, trompa, trompeta, tuba, viola, violín e violonchelo

Materia	Área de coñecemento	ECTS/Cuadrimestre								Total de créditos	Total de horas presenciais/semana		
		1º curso		2º curso		3º curso		4º curso					
		1º cuad.	2º cuad.	3º cuad.	4º cuad.	5º cuad.	6º cuad.	7º cuad.	8º cuad.				
Materias de formación básica													
Formación e adestramento auditivo e vocal (I-II)	Linguaxes e técnicas da música	1,5	1,5	-	-	-	-	-	-	3	1,5		
Análise (I-IV)		2	2	2	2	-	-	-	-	8	1,5		
Harmonía/contrapunto (I-IV)		2	2	2	2	-	-	-	-	8	1,5		
Organoloxía		-	-	-	3	-	-	-	-	3	2		
Historia da música (I-III)	Cultura, pensamento e historia	3	3	3	-	-	-	-	-	9	2		
Música e culturas		-	-	-	-	3	-	-	-	3	2		
Introdución á investigación		-	-	-	-	-	3	-	-	3	2		
Materias obligatorias comúns													
Pedagoxía e didáctica instrumental	Pedagoxía e didáctica	-	-	-	-	-	-	3	-	3	1		
Tecnoloxías para a música (I-III)	Tecnoloxía musical	2	2	2	-	-	-	-	-	6	2		
Piano aplicado para instrumentistas (I-II)	Formación instrumental complementaria	-	-	1,5	1,5	-	-	-	-	3	0,5		
Formación laboral e normativa	Formación laboral	-	-	-	-	-	-	1	-	1	1		
Materias obligatorias específicas													
Instrumento (I-VIII)	Instrumento ou voz	9	9	9	9	10	10	10	12	78	1,5		
Historia dos instrumentos		-	-	-	-	-	3	-	-	3	1		
Técnicas de control emocional e corporal		-	-	-	2	-	-	-	-	2	2		
Lectura á primeira vista e transposición (I-II)	Formación instrumental complementaria	-	-	-	-	1,5	1,5	-	-	3	1		
Repertorio orquestral e instrumentos afins (I-VI)		3	3	3	3	3,5	3,5	-	-	19	1		
Repertorio con piano acompañante (I-VIII)		1	1	1	1	1	1	1	1	8	-		
Música de cámara (I-VIII)	Música de conxunto	3	3	3	3	3	3	3	3	24	1,5		
Orquesta (I-VIII)		3,5	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5	3,5	28	3		
Materias optativas	Optativa	-	-	-	-	3	3	-	-	6	1/2		
Total de créditos de materias de formación básica, obligatorias e optativas.		30	30	30	30	28,5	31,5	21,5	19,5	221			
Materias de libre elección e de recoñecemento de créditos (prácticas se as houber)								9	9		-		
Traballo de fin de grao								10	10				
										240 ECTS			

Especialidade: interpretación
Itinerario: percusión

Materia	Área de coñecemento	ECTS/Cuadrimestre								Total de créditos	Total de horas presenciais/semana		
		1º curso		2º curso		3º curso		4º curso					
		1º cuad.	2º cuad.	3º cuad.	4º cuad.	5º cuad.	6º cuad.	7º cuad.	8º cuad.				
Materias de formación básica													
Formación e adestramento auditivo e vocal (I-II)	Linguaxes e técnicas da música	1,5	1,5	-	-	-	-	-	-	3	1,5		
Análise (I-IV)		2	2	2	2	-	-	-	-	8	1,5		
Harmonía/contrapunto (I-IV)		2	2	2	2	-	-	-	-	8	1,5		
Organoloxía		-	-	-	3	-	-	-	-	3	2		
Historia da música (I-III)	Cultura, pensamento e historia	3	3	3	-	-	-	-	-	9	2		
Música e culturas		-	-	-	-	3	-	-	-	3	2		
Introdución á investigación		-	-	-	-	-	3	-	-	3	2		
Materias obligatorias comúns													
Pedagogía e didáctica instrumental	Pedagogía e didáctica	-	-	-	-	-	-	3	-	3	1		
Tecnoloxías para a música (I-III)	Tecnoloxía musical	2	2	2	-	-	-	-	-	6	2		
Piano aplicado para instrumentistas (I-II)	Formación instrumental complementaria	-	-	1,5	1,5	-	-	-	-	3	0,5		
Formación laboral e normativa	Formación laboral	-	-	-	-	-	-	1	-	1	1		
Materias obligatorias específicas													
Instrumento (I-VIII)	Instrumento ou voz	9	9	9	9	10	10	10	12	78	1,5		
Historia dos instrumentos		-	-	-	-	-	3	-	-	3	1		
Técnicas de control emocional e corporal		-	-	-	2	-	-	-	-	2	2		
Lectura á primeira vista e transposición (I-II)	Formación instrumental complementaria	-	-	-	-	1,5	1,5	-	-	3	1		
Repertorio orquestral e instrumentos afíns (I-VI)		3	3	3	3	3,5	3,5	-	-	19	1		
Repertorio con piano acompañante (I-IV)		-	-	-	-	1	1	1	1	4	-		
